



ANUNCIO DE CELEBRACIÓN DO ACTO PÚBLICO DE APERTURA DE OFERTAS DO CONCURSO DE VENDAS DE SOLO EMPRESARIAL DE XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

Con data 17 de marzo de 2020 anunciouse a suspensión do acto de apertura de ofertas do concurso de venda de parcelas de solo empresarial, como consecuencia da situación derivada da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, así como a interrupción temporal dos prazos previstos no prego de bases do concurso.

Á vista da evolución da crise sanitaria, e en aplicación da normativa prevista para o proceso de desescalada da mesma (en particular, Ordes do Ministerio de Sanidade SND 414/2020, de 16 de maio e SND 442/2020, de 23 de maio, así como RD 537/2020, de 22 de maio), anunciase o novo **ACTO PÚBLICO DE APERTURA DE OFERTAS DO CONCURSO DE SOLO EMPRESARIAL**, que terá lugar o vindeiro día 5 de xuño, ás 11.30 horas, nas oficinas da sede central de Xestur, S.A. sitas no Polígono de Fontiñas, Área Central, Local 25, 1º andar, Santiago de Compostela.

Asemade, a partir da data de publicación do presente anuncio, reiniciase o computo dos prazos previstos no prego de bases, que quedaron interrompidos o 17 de marzo de 2020.

En Santiago de Compostela, a 26 de maio de 2020.

Asdo. María Doportó Santos

Xerente de XESTUR, S.A.

